



I CONCURSO DE PODCASTS

RADIO NA BIBLIO

Abril 2019

CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER

O ROSAL

A VOZ DA MATA



O noso centro, CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER, do Rosal, participa neste concurso con tres podcasts.

Modalidade II:

- Os muíños do Folón e Picón. Alumnado 5º EP.
- O Curro da Valga. Alumnado 6º EP.

Modalidade III:

- Os cabaqueiros. Alumnado 3º PMAR.

PODCAST 1.- OS MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN

1.- BREVE MEMORIA DOS CONTIDOS

O estudo dos Muíños do Folón e do Picón nas aulas de 5º de EP do noso centro aparece enmarcado no coñecemento da contorna interdisciplinarmente xa que se traballou dende distintas materias do currículo ordinario. Cremos que encaixa no contexto da temática deste concurso xa que é un ben material do Rosal que ten un gran recoñecemento cultural e etnográfico.

O alumnado realizou un traballo de investigación e documentación, partindo dos recursos da nosa biblioteca. Como resultado, elaborouse un traballo de divulgación desta temática coa participación do Equipo da Biblioteca, do EDNL e o Equipo da Radio na Biblio. Neste proceso de recollida de información tamén participaron as familias.

A música e os efectos sonoros utilizados non teñen dereitos de autor.

Presentamos a continuación o guión que serviu de base para a gravación do podcast.

RADIO "A VOZ DA MATA". MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN. GUIÓN DA GRAVACIÓN DO PODCAST

LOLA.- ENTRADA MÚSICA

DIEGO.- Hoxe, dende a Voz da Mata, queremos dar a coñecer un Ben de Interese Cultural, declarado no ano 1998, con categoría de lugar de **interese etnográfico**, que se atopa na nosa contorna. Somos Soraya, Marcos, Xulia e Diego de 5º de Educación Primaria do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal.



SORAYA.- Imos falar dos Muíños do Folón e do Picón.

LOLA.- <https://www.youtube.com/audiolibrary/music> (EFECTO DE AUGA)

Small Stream Flowing

MARCOS.- É un conxunto etnográfico situado ao norte do Val do Rosal, no Campo do Couto, á beira dun pequeno afluente do río Tamuxe.

XULIA.- Son 57 muíños, entre os do Folón e os do Picón, construídos nos séculos XVIII e XIX, aínda que hai algúns datos que nos fan pensar que xa no século XVII podería haber algún deles.

DIEGO.- A súa orixe pódese atopar na colonización destas terras do Rosal polos monxes do Mosteiro veciño de Santa María de Oia. Así que, nun primeiro momento, foron propiedade da Igrexa. Máis tarde pasaron a ser dos veciños.

LOLA.- <https://www.youtube.com/audiolibrary/music> (MÚSICA ÓRGANO)

Jesus, meine Zuversicht. Sir Cubworth

SORAYA.- Os muíños do Folón son 36 e os do Picón 21. É marabilloso atopar tal cantidade de muíños, todos xuntos e tan ben conservados!

MARCOS.- Sitúanse na ladeira do monte, de tal xeito que poden aproveitar a caída da auga para o movemento dos rodicios.

XULIA.- Dedicábanse á moenda do trigo e do millo, aínda que nalgún se traballaba a liño e a la.

DIEGO.- Case que todos os muíños son de planta rectangular, con cubrición a unha soa



auga e os muros de granito do país.

SORAYA.- É marabilloso dar un paseo polos muíños e xogar a distinguir as rodeiras feitas no seu día polos carros.

LOLA.- <https://www.youtube.com/audiolibRARY/music> (EFECTO SON CARRO)

Wheeling A Cart

MARCOS.- Tamén é moi divertido ver as pegadas dos canteiros nos muíños. Hai nomes ou iniciais e tamén unha cousa moi curiosa, datas e cruces con intención protectora.

XULIA.- Descubrir os Muíños do Folón e do Picón foi unha das viaxes máis apaixonantes das nosas vidas! Non podedes deixar de vir ao Rosal coñecer esta beleza paisaxística e cultural!

LOLA.- DESPEDIDA MÚSICA

2.- RELACIÓN DE PROFESORADO, ALUMNADO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

ALUMNADO

Na investigación, documentación e elaboración do guión participou todo o alumnado de 5º.

Na gravación do podcast participaron:

- Soraya Troncoso Villa 5ºA EP. Voluntaria da Biblioteca.
- Diego Rodríguez Moreira 5ºA EP. Voluntario da Biblioteca.
- Marcos Lomba Giráldez 5ºB EP
- Xulia Da Cuña Rodríguez 5ºB EP. Voluntaria da Biblioteca.



PROFESORADO

- María Luísa Villada Moirón. Titora 5ºA EP. Membro do equipo da Biblioteca.
- María José Carrera Crespo. Titora 5ºB EP. Membro do equipo da Biblioteca.
- María Dolores Sánchez Blázquez. Coordinadora da Radio. Membro do equipo da Biblioteca.
- Beatriz Fernández Rodríguez. Coordinadora da Biblioteca. Membro do equipo da Biblioteca.
- José Tomás Díaz Teijo. Director do CPI. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.
- Ana María Álvarez Chamosa. Xefa estudos ESO. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.

OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

- Familias do alumnado, que achegou datos no proceso de investigación e documentación.



PODCAST 2.- O CURRO DA VALGA

1.- BREVE MEMORIA DOS CONTIDOS

O estudo dos curros da nosa contorna, na aula de 6ºA de EP do noso centro, nace partindo do interese do alumnado polas actividades que se realizan onde eles viven e das que participan. O curro da Valga, que é no que se centra o podcast, desenvólvese no concello veciño de Oia e conta coa participación de moitas das familias do Rosal, xa que ten unha fonda tradición.

Na aula traballouse dende a interdisciplinariedade e coa participación do alumnado no proceso de investigación. Aproveitaron que un alumno xa ten participado activamente no curro e pensaron en realizar un podcast no formato entrevista no que se puidese explicar a dinámica do curro e o que representa para a xente que participa nel.

Aínda que as preguntas seguen a normativa da nosa lingua, respectamos a fala do protagonista da entrevista coas súas variantes dialectais, que tamén formaron parte deste estudo interdisciplinar do tema.

As familias achegáronlles datos aos seus fillos-as en relación coa súa experiencia persoal nos curros da zona.

Utilizáronse os recursos da nosa Biblioteca e o alumnado e a titora contaron coa colaboración do Equipo da Biblioteca, do EDNL e do Equipo da Radio na Biblio, para a realización do podcast.

A sintonía utilizada é de creación propia, a da *Voz da Mata*, a nosa radio.

Presentamos a continuación o guión que serviu de base para a gravación do podcast.

RADIO "A VOZ DA MATA". O CURRO DA VALGA. GUIÓN DA GRAVACIÓN DO PODCAST

ALBA.- Ola aos nosos oíntes, somos Vega e Alba, dúas alumnas de 6º de Educación Primaria do CPI Manuel Suárez Marquier, do Rosal. Estamos con Esteban, un compañeiro noso co que imos falar do Curro da Valga.

VEGA.- Ola Esteban, imos facerche unha pequena entrevista sobre este curro de Oia, que está moi ligado a nós.

COMECEMOS!



ALBA.- A primeira vez que fuches ao curro, que pensaches?

VEGA.- Cando estás no curro, que pensas ao mirar todas esas bestas?

ALBA.- Canto tempo hai que tes a túa egua?

VEGA.- En que ano te estreaches con ela no curro?

ALBA.- Tes algunha historia que che pasara con ela?

VEGA.- Dende cando levas indo ao curro da Valga?

ALBA.- Ti vas aos curros por que te obrigan ou é unha afección?

VEGA.- No Curro da Valga, os nenos poden marcar as bestas e cortarlles as crinas sen axuda?

ALBA.- Algunha vez marcaches algún cabalo ou quentaches o ferro?

VEGA.- Entraches dentro do curro algunha vez para coller bestas?

ALBA.- Que problemas podería causar algún cabalo bravo se se chega a escapar do recinto e vai cara a onde está a xente?

VEGA.- Poderías explicarnos que é un "cabestro"?

ALBA.- Como lle chaman ao ferro que levan para marcalas?

VEGA.- Quen escolle a marca de cada cabalo?

ALBA.- Hoxe en día, por que non hai tantas bestas coma antes?

VEGA.- Cal é a función do presidente no curro?



ALBA.- Fixeches novos amigos no curro?

VEGA.- E xa para rematar, dinos que é o que máis che gusta do curro?

ALBA.- Moitas grazas Esteban por estar hoxe na Voz da Mata!

VEGA.- Quedades todos convidados ao vindeiro curro. Un saúdo aos nosos oíntes!

2.- RELACIÓN DE PROFESORADO, ALUMNADO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

ALUMNADO

Na investigación, documentación e elaboración do guión participou todo o alumnado de 6ºA EP.

Na gravación do podcast participaron:

- Vega Carabelos Álvarez 6ºA EP. Voluntaria da Biblioteca.
- Alba Rodríguez Taboada 6º A EP. Voluntaria da Biblioteca.
- Esteban Vicente Diego 6ºA EP

PROFESORADO

- María Elvira Lomba González. Titora 6ºA EP. Membro do equipo da Biblioteca.
- María Dolores Sánchez Blázquez. Coordinadora da Radio. Membro do equipo da Biblioteca.
- Beatriz Fernández Rodríguez. Coordinadora da Biblioteca. Membro do equipo da Biblioteca.
- José Tomás Díaz Teijo. Director do CPI. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.
- Ana María Álvarez Chamosa. Xefa estudos ESO. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.

OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

- Familias do alumnado, que achegou datos no proceso de investigación e documentación.



PODCAST 3.- OS CABAQUEIROS

1.- BREVE MEMORIA DOS CONTIDOS

A tradición dos cabaqueiros está presente na nosa vida cotiá. No Rosal foi un dos gremios máis relevantes durante moito tempo e quedan pegadas deles nos nosos costumes, na nosa vila e tamén na nosa fala. É un ben material e inmaterial do Rosal, por iso pensamos que podería encaixar na temática deste concurso.

3º PMAR foi o encargado desta produción sonora, porque a profesora do ámbito sociolingüístico traballou este tema dende distintos marcos xa que a súa materia adáptase a poder traballar dende distintos puntos de vista e de xeito interdisciplinar. Por outra banda, ao ser un grupo pequeno, 10 alumnos-as, todos-as puideron participar segundo as súas motivacións. Este grupo ten unhas características especiais: hai dificultades xeralizadas da aprendizaxe, un alumno TEA, algúns alumnos-as TDAH...Para eles foi un traballo moi interesante, xa que como equipo sacaron adiante unha produción sonora partindo do seu traballo de investigación e documentación. Neste punto, a radio foi un instrumento de integración e a Biblioteca o eixo dinamizador.

Contamos coa colaboración do equipo de EDNL no referente aos trazos lingüísticos da fala cabaqueira.

As familias achegaron os seus coñecementos sobre este gremio e a tradición que nos deixaron na vila.

Héctor Varela González compuxo a música. É un violinista profesional moi vinculado ao noso centro, que nos proporcionou unha creación musical propia, sen editar e sen dereitos de autor, para este podcast.

Presentamos a continuación o guión que serviu de base para a gravación.

RADIO "A VOZ DA MATA". OS CABAQUEIROS. GUIÓN DA GRAVACIÓN DO PODCAST

LOLA.- ENTRADA MÚSICA

MANUEL.- Ola aos nosos oíntes, somos Paula, Naiara, David e Manuel, un grupo de alumnos e alumnas de 3º PMAR do CPI Manuel Suárez Marquier, que imos falar dos cabaqueiros do Rosal.



PAULA.- Estivemos investigando sobre este oficio tan peculiar e as pegadas que hoxe en día temos na nosa contorna.

NAIARA.- David, quen eran os cabaqueiros e que facían?

DAVID.- Os cabaqueiros eran aqueles homes e nenos que se dedicaban, durante cinco ou seis meses, a elaborar tellas de xeito artesanal por todo o territorio do noso país.

MANUEL.- David, tamén hai que contar que percorrían a pé moitísimos quilómetros acompañados de cabalarías que transportaban os aparellos e a comida para as viaxes.

LOLA.- SUBIR MÚSICA

PAULA.- Pero existen na actualidade, ou é un oficio que xa non hai no Rosal?

NAIARA.- Paula, ata mediados do século XX, había cabaqueiros no Rosal pero despois foron desaparecendo. Comezaron as industrias cerámicas e non era preciso ter os coñecementos dun telleiro tradicional e, ademais, houbo xente que emigrou a Europa buscando un futuro laboral mellor.

DAVID.- Xa non hai telleiros Naiara, pero hai veciños que conservan a arte de facer tellas á man como unha tradición do Rosal. De feito, cada 12 de outubro celebramos unha festa na vila na que se organizan obradoiros para os nenos e as nenas e na que se rende homenaxe a este gremio tan importante no seu día.

MANUEL.- Como ben dixo David, no Rosal hai moito respecto polos cabaqueiros, en moitas familias hai algún parente que se dedicou ao oficio das tellas. É máis, temos un Museo Etnográfico que honra os cabaqueiros na Praza do Calvario. Dende aquí convidamos os oíntes a visitalo. Tamén na praza atoparán o monumento ao Cabaqueiro,



reflexo do importante que foron para O Rosal.

PAULA.- Pero o máis curioso dos cabaqueiros é que manexaban unha linguaxe hermética que só eles coñecían.

NAIARA.- Coma un código secreto?

DAVID.- Si, algo parecido. Para sobrevivir precisaron illarse e protexerse uns aos outros, por iso crearon unha lingua propia, como tamén fixeron outros gremios.

MANUEL.- Eu sei dicir cousiñas en cabaqueiro! Por exemplo:

Quen se zurre no kaikoiño ou na kaikoiña, multa dun litro de viño.

Que quere dicir: "Quen blasfeme contra Deus ou a Virxe terá que entregar un litro de viño".

É que os cabaqueiros tiñan, tamén, as súas normas de convivencia!

LOLA.- SUBIR MÚSICA

PAULA.- Que raro soa Manuel!

NAIARA.- Eu tamén sei algunha:

Quen jaldruxe su xaranta no pilón da bureta de chumar ou da murcideira, pagará un litro de viño.

Que quere dicir: "Quen lave a súa cara na pía de beber auga ou da comida, pagará un litro de viño".

LOLA.- SUBIR MÚSICA



DAVID.- Sabedes que no Rosal, na nosa fala, conservamos palabras en cabaqueiro para falar de cousas cotiás?

MANUEL.- É totalmente certo, todos dicimos “cata” para nos referir a un señor, “buxa” para nomear a alguén que é xefe...

PAULA.- A “bureta” é a auga, e “de melca a melca” sempre se usa cando alguén quere dicir que fixo algunha actividade de sol a sol.

NAIARA.- A verdade é que o mundo dos cabaqueiros é unha das maiores riquezas do patrimonio material e inmaterial do Rosal.

LOLA.- DESPEDIDA MÚSICA.

2.- RELACIÓN DE PROFESORADO, ALUMNADO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

ALUMNADO

Na investigación, documentación e elaboración do guion participou todo o alumnado de 3º PMAR (ESO)

Na gravación do podcast participaron:

- Naiara Cardoso Vázquez 3º PMAR
- Manuel Oliveira Rodríguez 3º PMAR
- Paula Sobrino Pérez 3º PMAR
- David Rocha Troncoso 3º PMAR

PROFESORADO

- Beatriz Varandas González. Ámbito Sociolingüístico 3º PMAR. Membro do EDNL.



- María Dolores Sánchez Blázquez. Coordinadora da Radio. Membro do equipo da Biblioteca.
- Beatriz Fernández Rodríguez. Coordinadora da Biblioteca. Membro do equipo da Biblioteca.
- José Tomás Díaz Teijo. Director do CPI. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.
- Ana María Álvarez Chamosa. Xefa estudos ESO. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL.

OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

- Familias do alumnado, que achegou datos no proceso de investigación e documentación.
- Héctor Varela González. Músico violinista local que achega unha creación musical propia.

Equipo da Radio na Biblio. CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER. O ROSAL. Abril 2019